

Resolución Reitoral de 13 de xuño de 2014 pola que se convocan 63 bolsas de mobilidade para estudantes de doutoramento da Universidade de Vigo en programas adaptados ao EEES para o ano 2014

Coa finalidade de contribuír a paliar os gastos de desprazamento asociados aos estudos de doutoramento que ten o estudiantado dos Programas de Doutoramento adaptados ao EEES da Universidade de Vigo, e en virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria de 63 bolsas desprazamento para estudantes de doutoramento da Universidade de Vigo.
2. Ordenar a publicación da devandita convocatoria nos taboleiros de anuncios na Escola Internacional de Doutoramento e no Rexistro Xeral e Auxiliares da Universidade de Vigo.
3. As bolsas solicitaranse no modelo oficial dende o día **14 de xuño de 2014 ata as 14:00 horas do 4 de xullo de 2014**, presentando a solicitude e demais documentación requirida, nos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. A solicitude axustarase ao modelo que figura como Anexo II desta convocatoria e tamén poderá atoparse no seguinte enderezo: <http://www.uvigo.es> no apartado Axudas/Outras bolsas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común.

Vigo, 13 de xuño de 2014

O REITOR

Por delegación R.R. do 7 de maio de 2014 (DOG 13/05/14)

A Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo.

Vigo, 13 de xuño de 2014
Xefe de Área de bolsas



Francisco Navaza Dafonte

Universidade de Vigo - Rexistro Xeral
Saída Nº. 201400010832 13/06/14 10:38:05

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA ESTUDANTES DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O ANO 2014.

Esta normativa regula as bolsas de desprazamento para estudantes de doutoramento da Universidade de Vigo para o ano 2014. Esta normativa xunto coa convocatoria correspondente publicarase na Escola Internacional de Doutoramento, no Rexistro Xeral e auxiliares da Universidade de Vigo.

I. OBXECTO

Estas bolsas teñen por **obxecto** contribuír a paliar os gastos de desprazamento asociados aos estudos de doutoramento que teñen os estudantes dos Programas de Doutoramento adaptados ao EEES (regulados polo RD 99/2011 do 28 de xaneiro ou RD 1393/2007 do 29 de outubro) que se citan no Anexo I.

II. PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar nesta convocatoria os/as estudantes dos Programas de Doutoramento da Universidade de Vigo, citados no Anexo I, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar matriculados/as na Universidade de Vigo no período de tutela de tese no curso 2013/14 nalgún dos programas mencionados no Anexo I. A matrícula deberá manterse durante o período total da duración da axuda.
- Realizar a actividade, que de acordo coa súa programación académica, implique o desprazamento a outras universidades participantes no programa de doutoramento, a outros centros de investigación ou asistencia a congresos ou cursos.
- Contar co informe favorable do/s/as director/es/as da tese para a realización da actividade obxecto da bolsa.

III. INCOMPATIBILIDADES

Cada solicitante só poderá optar a unha das axudas ofertadas dentro do seu programa de doutoramento. As bolsas serán incompatibles con calquera outra bolsa ou axuda concedidas por calquera institución pública ou privada para a mesma estadia ou asistencia. Nembargante, como se trata dunha axuda parcial, pódense complementar os custos da viaxe exclusivamente a cargo de proxectos de investigación, sempre que o importe total das axudas non supere os custos reais.

IV. DURACIÓN

A actividade pola que se solicita a axuda, terá que ser desenvolvida e xustificada antes do 31 de decembro de 2014.

V. DOTACIÓN E PAGAMENTO

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo á aplicación orzamentaria 2014 00PG 131H48210 e o importe do crédito orzamentaria retido para esta convocatoria ascende a 31.250€ para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

A dotación económica bruta de cada bolsa será como máximo de 1000 € e estará suxeita a retención do IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia. Para dar cabida ás diferentes actividades formativas que poden existir nos programas de doutoramento que implican mobilidade, establécense os seguintes tipos de axudas coa súa contía:

Tipo A:	1000 euros
Tipo B:	750 euros
Tipo C:	500 euros
Tipo D:	250 euros

Unha vez publicada a resolución de concesión farase efectiva o 80% da axuda. O 20% restante farase efectivo unha vez que a persoa beneficiaria remita á EIDO, dentro do mes seguinte ao do seu retorno a seguinte documentación:

- Certificado de asistencia ao curso/congreso ou certificado da estadía.
- Declaración dos gastos ocasionados coa documentación xustificativa orixinal.
- Se parte dos gastos do desprazamento forón imputados a un proxecto de investigación é necesaria declaración das cantidades subvencionadas xunto con copia da documentación xustificativa.

O non cumprimento deste requisito comportará a automática rescisión da axuda, para os efectos do reintegro da subvención concedida.

VI. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

O impreso de solicitude atoparano na páxina: <http://www.uvigo.es> no apartado Axudas Outras bolsas e que figura como Anexo II nesta convocatoria. O prazo de presentación de solicitudes remata ás 14:00 horas do 4 de xullo de 2014. As persoas aspirantes deberán presentar o modelo (Anexo II) nos rexistros auxiliares ou xeral da Universidade de Vigo ou nos lugares indicados no apartado 4 do artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dirixidas ao Director da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo e remitidas á Sección de Bolsas.

Os/as solicitantes, deberán indicar a referencia da bolsa solicitada polo número identificativo que consta no Anexo I e acompañar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, NIE ou Pasaporte do solicitante.
- No seu caso, copia doutras solicitudes de bolsa para a mesma estadía ou asistencia que se tivesen presentado tanto en institucións, entidades ou fundacións públicas e privadas.
- Currículum Vitae.

- Breve descripción da estadia para a que se solicita esta bolsa: Desprazamento a realizar, lugar de destino, institución ou congreso/curso, duración do desprazamento, proposta da actividade a realizar en destino (no caso de cursos e congresos indicar o tipo de participación e achegar copia da comunicación que se vai presentar no seu caso), e presuposto. Esta proposta deberá contar co informe favorable do director da tese para a realización da actividade obxectivo da bolsa.
- Compromiso de matrícula no curso 2014/2015, se a actividade a subvencionar se estendese máis ala do curso 2013/2014.

Tamén se lle poderán requirir ás persoas solicitantes que achegen aqueles outros documentos que fosen necesarios para aclarar os datos necesarios para o outorgamento das axudas.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do Servizo Público de Educación Superior, reguladas na Lei Orgánica de Universidades e nos Estatutos da Universidade.

O/A solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados, e de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: xestión administrativa e académica do seu expediente, oferta e presentación de servizos universitarios, realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións, enquisas e seguimento dos servizos universitarios prestados, así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e prácticas en empresas. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitarase ante a Universidade de Vigo.

VII. SELECCIÓN

A Sección de Bolsas, unha vez recibidas as solicitudes, comprobará que cumpren os requisitos básicos da convocatoria, e publicará unha listaxe de admitidos/as e excluídos/as, indicando os motivos de exclusión e dándolles un prazo de 5 días hábiles para emendar os erros e achegar a documentación necesaria, a partir do día seguinte da publicación da listaxe na web <http://www.uvigo.es> no apartado Axudas Outras bolsas e nos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo.

Dita documentación presentarase nos rexistros xeral ou auxiliares da Universidade de Vigo ou nos lugares indicados no apartado 4 do artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dirixidas ao Director da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo e remitidas á Sección de Bolsas.

Unha vez emendados os erros, a Sección de Bolsas, achegará as solicitudes así coma a documentación, a través do correo electrónico ás Comisións Académicas de Doutoramento, e o EIDO.

A Comisión Académica do Doutoramento de cada programa procederá á valoración e priorización das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración específicos que constan no Anexo I. Estes criterios de valoración inclúen, como mínimo, os seguintes apartados:

- a. Méritos curriculares dos/as solicitantes
- b. Interese do desprazamento proposto para o programa formativo
- c. Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso

As bolsas asignaranse a aqueles candidatos e candidatas que obteñan as maiores puntuacións.

As Comisións Académicas remitirán á Sección de Bolsas, as listaxes de valoración dos candidatos por tipo de bolsas, e as solicitudes denegadas, indicando as causas de denegación, coa puntuación obtida en cada caso.

A partir destas valoracións, en función do orzamento de cada programa, a EIDO establecerá a resolución provisional de adxudicación das bolsas e maila listas de agarda, así como as solicitudes denegadas indicando os motivos da denegación.

Contra a resolución provisional, poderán os interesados, presentar alegacións no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación. Dita documentación presentarase nos rexistros xeral ou auxiliares da Universidade de Vigo ou nos lugares indicados no apartado 4 do artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dirixidas ao Director da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo e remitidas á Sección de Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións por parte da EIDO, a Sección de Bolsas, elaborará a resolución definitiva.

A Resolución Reitoral de adxudicación de bolsas, publicarase na web e nos rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo. Esta Resolución Reitoral conterá as solicitudes concedidas, as denegadas coa causa de denegación e as listaxes de agarda ordenadas de maior a menor puntuación. As listas de agarda, unha por programa de doutoramento, serán empregadas para cubrir posibles renuncias das bolsas adxudicadas en cada programa.

En caso de que quedara finalmente vacante algún tipo de bolsas nun programa de doutoramento, poderá incrementarse o número de bolsas doutro tipo entre os solicitantes que estivesen en lista de agarda, dentro do mesmo programa, ata esgotar o seu crédito.

Unha vez esgotada a lista de agarda, se así e todo, quedara crédito dispoñible nun programa, poderán incrementarse todas as axudas concedidas dentro deste programa na mesma proporción ata esgotar o crédito do programa. Non obstante, este incremento non poderá ser maior dun 50% nin producir unha axuda que supere o custo total previsto para o desprazamento da persoa beneficiaria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa os/as interesados/as poderán interpoñer, no prazo de dous meses, recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición no prazo de un mes.

VIII. OBRIGAS

As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a:

- A) Ter pagada na súa totalidade a taxa de matrícula que lle corresponda e manter a dita matrícula no programa de doutoramento da Universidade de Vigo durante todo o período de duración da actividade obxecto da bolsa para poder manter a súa condición de bolseiro/a.
- B) Destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida, xustificando a asistencia ou estada mediante o correspondente certificado, así como a declaración dos gastos ocasionados coa documentación xustificativa.
- C) Indicar no impreso de solicitude (Anexo II) se teñen algunha axuda, subvención para mesma finalidade. No caso de que esta situación se produza con posterioridade á solicitude da bolsa, as persoas beneficiarias deberán comunicalo á Universidade mediante escrito dirixido á Sección de Bolsas.

IX. RENUNCIA

A renuncia voluntaria á bolsa deberá facerse por escrito e comunicada ao Director da EIDO. A renuncia sen causa xustificada penalizará e impedirlle o acceso a outra bolsa do mesmo obxecto durante un período de 12 meses. Correspóndelle ao Director da EIDO a avaliación das causas alegadas.

X. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión destas bolsas pode ser revogada polos seguintes motivos e suporá o reintegro, por partes dos beneficiarios, das cantidades indebidamente aboadas:

- Incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.
- Ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.
- Non manter a condición de estar matriculado/a na Universidade de Vigo no programa de doutoramento polo que se lle concedeu a axuda durante todo o período de duración da actividade obxecto da bolsa.

XI. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

As dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas pola Dirección da Escola Internacional de Doutoramento.

Calquera reclamación ou queixa que queira presentar un/ha bolseiro/a farase ante o Director da Escola Internacional de Doutoramento .

Os/as bolseiros/as non adquiren ningunha relación contractual administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo, nin a bolsa implica compromiso en canto á posterior incorporación dos interesados/as aos cadros de persoal da Universidade.

ANEXO I

Programa de doutoramento: Comunicación (regulación RD 99/2011)

Crédito asignado: 2.500 €

Bolsas convocadas: 5

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
01	C	Estadía en Centro de Investigación ou Asistencia a Congreso no que se presente comunicación	5
Criterios de Valoración 1) Méritos curriculares do/da solicitante: ata 50 puntos. 1.1) Expediente académico grao/licenciatura: ata 20 puntos. 1.2) Expediente académico máster: ata 10 puntos. 1.3) Experiencia profesional relacionada cos ámbitos propios do programa: ata 10 puntos. 1.4) Autoría ou co-participación en traballos de investigación (publicacións, presentación de comunicacións, etc.) relacionados cos ámbitos propios do programa: ata 10 puntos. 2) Interese do desprazamento proposto para o programa formativo: ata 25 puntos. 3) Calidade do Centro de Investigación de Destino ou relevancia do Congreso: ata 25 puntos.			

Programa de doutoramento: Nanomedicina (regulación RD 99/2011)

Crédito asignado: 1000 €

Bolsas convocadas: 1

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
02	A	Asistencia a congreso ou curso	1
Criterios de Valoración -Méritos curriculares dos/as solicitantes (70%) -Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (20%) -Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso (10%)			

Programa de doutoramento: Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida (regulacións RD 99/2011)

Crédito asignado: 250 €

Bolsas convocadas: 1

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
03	D	Asistencia e comunicación en congreso internacional	1
Criterios de Valoración -Méritos curriculares dos/as solicitantes (20 puntos) -Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (10 puntos) -Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso (10 puntos) -Adecuación do congreso á liña de investigación de Recursos Xenéticos Mariños (30 puntos) -Axuste do proxecto doutoral e do CV do solicitante á liña de Recursos Xenéticos Mariños (30 puntos)			

Programa de doutoramento: Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces (regulacións RD 99/2011 e RD 1393/207)

Crédito asignado: 3250 €

Bolsas convocadas: 4

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
04	A	Estadía de investigación	1
05	B	Asistencia a congresos	3

Criterios de Valoración

- Méritos curriculares dos/as solicitantes (40 puntos)
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (30 puntos)
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso (30 puntos)

Programa de doutoramento: Ciencia e tecnoloxía química (Regulación RD 99/2011)

Crédito asignado: 3.000 €

Bolsas convocadas: 6

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
06	A	Estancia investigación	2
07	D	Asistencia a cursos o congresos	4

Criterios de Valoración

Para obter unha das seguintes bolsas o solicitante debe obter unha valoración positiva (superior a 0) en cada un dos criterios de valoración que deseguido se especifican:

Becas tipo A:

- Méritos curriculares dos/as solicitantes (25 puntos)
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (50 puntos)
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso, etc. (25 puntos)

Becas tipo D:

- Méritos curriculares dos/as solicitantes (50 puntos)
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (25 puntos)
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso, etc. (25 puntos)

Programa de doutoramento: Creación e Investigación en Arte Contemporánea (regulación RD99/2011) e Arte contemporánea, creación e investigación (regulación RD1393/2007)

Crédito asignado: 1.500€

Bolsas convocadas: 4

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
08	C	Asistencia a cursos, talleres de arte o estadias en centros de investigación.	2
09	D	Asistencia a congresos o reunións científicas e/ou artísticas	2

Criterios de Valoración

- Méritos curriculares dos/as solicitantes: 30%
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo: 25%
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso: 25%
- Presuposto do coste da estadía, viaxe, matrícula, etc: 20%

Programa de doutoramento: Estudos lingüísticos (regulación RD99/2011)

Crédito asignado: 2.750€

Bolsas convocadas: 7

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
10	A	Estadía de investigación de duración superior a un mes fora da Península Ibérica	1
11	C	Asistencia a congresos/cursos fora da Península Ibérica	1
12	D	Asistencia a congresos/cursos na Península Ibérica	5
Criterios de Valoración			
- Méritos curriculares dos/das solicitantes:			50 %
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo do/da solicitante:			30 %
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso:			20 %

Programa de doutoramento: Estudos literarios (regulación RD99/2011)

Crédito asignado: 1.500 €

Bolsas convocadas: 6

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
13	D	Bolsas para asistencia a congresos ou cursos relacionados co programa formativo do/a solicitante	6
Criterios de Valoración			
Os criterios que terá en conta a CAPD de Estudos Literarios, así coma a puntuación máxima de cada un deles será a seguinte:			
1. Expediente académico do/a solicitante. Ata 50 puntos.			
2. Interese do desprazamento proposto para o programa formativo do/a solicitante, en relación coa temática da súa tese. Ata 25 puntos.			
3. Calidade e importancia do congreso/curso e vinculación coa metodoloxía ou contidos expostos no plan de investigación do/a solicitante. Será valorado o carácter nacional/internacional, así como a periodicidade-continuidade no tempo do evento. Ata 25 puntos.			

Programa de doutoramento: Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (regulación RD 99/2011)

Crédito asignado: 6.000 €

Bolsas convocadas: 6

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
14	A	Indistinto: estancia de investigación, asistencia a curso ou escola de verán, asistencia a congreso para a presentación dunha comunicación	6
Criterios de Valoración			
• Méritos curriculares dos/as solicitantes			10 puntos
• Interese do desprazamento proposto para o programa formativo			40 puntos
• Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso. Os congresos deberán ser internacionais e estar recollidos no Scopus. No caso de estancias de investigación, darase prioridade a que o centro de destino estea no estranxeiro e supoña un cambio de país de residencia do estudante.			50 puntos

Programa de doutoramento: Teoría do Sinal e Comunicacóns (regulación RD1393/2007)

Crédito asignado: 2.250,00 €

Bolsas convocadas: 3

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
15	B	Indistinto: estancia de investigación, asistencia a curso o escola de verán, asistencia a congreso para a presentación dunha comunicación	3
Criterios de Valoración <ul style="list-style-type: none"> • Méritos curriculares dos/as solicitantes 10 puntos • Interese do desprazamento proposto para o programa formativo 40 puntos Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso. Os congresos deberán ser internacionais e estar recollidos no Scopus. No caso de estancias de investigación, darase prioridade a que o centro de destino estea no estranxeiro e supoña un cambio de país de residencia do estudante. 50 puntos			

Programa de doutoramento: Láser, fotónica e visión (regulación RD 99/2011)

Crédito asignado: 1.500 €

Bolsas convocadas: 2

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
16	B	Asistencia a congreso	2
Criterios de Valoración <ul style="list-style-type: none"> -Méritos curriculares dos/as solicitantes (30%) -Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (30%) -Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso (40%) 			

Programa de doutoramento: Ciencias da educación e do comportamento (regulación RD99/2011)

Crédito asignado: 3.000 €

Bolsas convocadas: 9

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
17	A	Estadía	1
18	D	Participación en Congresos ou cursos de investigación	8
Criterios de Valoración <ul style="list-style-type: none"> -Méritos curriculares dos/as solicitantes: 70 % -Interese do desprazamento proposto para o programa formativo: 15% -Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso: 15% 			

Programa de doutoramento: Equidade e Innovación na Educación Comportamento (regulación RD99/2011)

Crédito asignado: 500 €

Bolsas convocadas: 2

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
19	D	Asistencia a cursos, asistencia a congresos y estancias de investigación	2

Criterios de Valoración

1. Expediente académico do/a solicitante 25%
2. Interese do desprazamento proposto para o programa formativo do solicitante, en relación coa temática da súa tese e o programa de doutoramento. 40%
3. Calidade do centro de destino ou importancia do congreso, curso, etc. 35%

Programa de doutoramento: Estatística e Investigación Operativa (regulacións RD99/2011 e RD1393/2007)

Crédito asignado: 1.750 € euros

Bolsas convocadas: 5

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
20	D	Asistencia a congresos, seminarios o cursos	3
21	C	Estancias de investigación	2

Criterios de Valoración

- Méritos curriculares dos/as solicitantes (60%)
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (20%)
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso (20%)

Programa de doutoramento: Ordenación xurídica do mercado (regulacións RD99/2011)

Crédito asignado: 500 €

Bolsas convocadas: 2

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
22	D	Estancia de investigación o asistencia a curso o congreso	2

Criterios de Valoración

- Méritos curriculares do solicitante, convenientemente acreditados: 40%
- Interese do desprazamento para o programa de doutoramento en OXM: 20%
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso ou curso: 20%
- Non desempeño polo solicitante de actividade laboral remunerada, acreditado por medio dun certificado de vida laboral: 20%.

ANEXO II

Solicitud de bolsa de mobilidade de Doutoramento

Ano 2014

Programa de Doutoramento _____

DATOS PERSOAIS (encher en letra maiúscula)

(*) NOTA: este enderezo servirá para todas as comunicacións

Nome:.....Apelidos:.....DNI:.....

Enderezo (*):

C.Postal:.....Poboación:.....Provincia:.....País:.....

Teléfono:.....Enderezo electrónico

AXUDA SOLICITADA (número de identificación):

DATOS BANCARIOS

		ENTIDADE				OFICINA				D.C.		Nº DE CONTA (dez díxitos)									
E	S																				
(cumprimentar todos os díxitos do IBAN)																					
NOME DO BANCO:																					
ENDEREZO DO BANCO:																					
SINATURA E SELO DO BANCO:																					

¿É vostede solicitante ou beneficiario/a doutra bolsa ou axuda?

En caso afirmativo, indicar cales:

DECLARACIÓN XURADA

O abaixo asinante, manifesta que todos os datos da solicitude e documentos achegados para a bolsa de mobilidade de Doutoramento son verdadeiros e entende que coñece todos os termos da convocatoria onde se expresa que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

_____, ____ de _____ de 2014

Sinatura da persoa solicitante

DIRECTOR DA EIDO-UVIGO

ANEXO III

ACORDO DA COMISIÓN ACADÉMICA

A Comisión Académica do Programa de Doutoramento

_____, reunida con data _____, tendo en conta a Resolución Reitoral de de xuño de 2014 pola que se convocan bolsas de desprazamento para estudantes de doutoramento da Universidade de Vigo durante o ano 2014, revisadas e avaliadas as solicitudes presentadas polo alumnado, **ACORDA** propor a seguinte listaxe de valoración dos solicitantes:

- **Listaxe prioritizada de candidatos/as:**

<u>Apelidos e Nome.</u>	<u>DNI</u>	<u>Puntuación</u>	<u>Duración (semanas)</u>	<u>Tipo</u>
-------------------------	------------	-------------------	---------------------------	-------------

- | • Listaxe de denegados/as | Causas de denegación |
|----------------------------------|-----------------------------|
|----------------------------------|-----------------------------|

DIRECTOR DA EIDO-UVIGO

Vigo _____ de _____ de 2014

ANEXO IV

ACORDO DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Reunida a Comisión permanente da EIDO, tendo en conta a Resolución Reitoral de de de 2014 pola que se convocan bolsas de desprazamento para estudantes de doutoramento da Universidade de Vigo durante o ano 2014,, revisadas e avaliadas as propostas das Comisións Académicas, **ACORDA** propor as seguintes listaxes provisionais/definitivas de beneficiarios/as:

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO:

Crédito asignado:

- **Lista priorizada de candidatos/as:**

<u>Apelidos e Nome.</u>	<u>DNI</u>	<u>Puntuación</u>	<u>Duración (semanas)</u>	<u>Tipo</u>	<u>Custo</u>
-------------------------	------------	-------------------	---------------------------	-------------	--------------

- **Listaxe de agarda**

<u>Apelidos e Nome.</u>	<u>DNI</u>	<u>Puntuación</u>	<u>Duración (semanas)</u>	<u>Tipo</u>	<u>Custo</u>
-------------------------	------------	-------------------	---------------------------	-------------	--------------

• <u>Listaxe de denegados/as</u>	<u>Causas de denegación</u>
---	------------------------------------

Vigo _____ de _____ de 2014

SECCIÓN DE BOLSAS